

## **PLENARIO DE EN MAREA**

### **13 DE XULLO DE 2019**

**Emendante/s:**

Bieito Lourenzo Penela, Quico Lourenzo Penela, Angeles Faraldo Vallés

**Documento que se emenda: (Marcar cun \*)**

- Tese política: Apuntes para o futuro político dende a marea
- Documento organizativo: Afondar nos acordos de Vigo
- Regulamento para o Plenario das Mareas
- Regulamento para a elección do Consello das Mareas

**Páxina/s:** 1      **Liña/s:** 6

**Tipo de emenda emenda: (Marcar cun \*)**

- Eliminación
- Substitución
- Engádega

**Texto da emenda:**

ENGADIR: NO INICIO DO TEXTO:

Dende hai uns anos o sistema no que vivimos está a sufrir unha crise sistémica que, con momentos de maior agudización e outros de aparente calma, vai rematar nun cambio radical do modelo de sociedade.

O cambio climático, a contaminación e o esgotamento das materias primas únense ao cada vez máis patente cambio tecnolóxico, provocando o esgotamento do actual modelo capitalista industrial que provocará un cambio equiparábel aos grandes saltos da historia da humanidade, como o nacemento do neolítico ou o nacemento de industrialización, para dar lugar o que poderíamos chamar a sociedade automatizada.

Esta evolución obrigaranos a escoller entre o Colapso ecolóxico ou a Economía sustentábel, entre a Desigualdade máxima ou o Reparto da riqueza a través do Reparto do tempo de traballo e a Renda básica universal, entre o Patriarcado máis asfixiante ou o Feminismo, entre a Utilización democrática das novas tecnoloxías ou a súa Apropiación por un poder antidemocrático, entre un Estado-nación abafador no interior contra os seus cidadáns e pobos diferenciados e agresivo contra os outros estados nacións, ou unha Alianza democrática de nacións e pobos federadas a nivel rexional (no noso caso

Europa) e mundial.

Afrontar estes retos fai cada vez máis necesaria a unidade popular capaz de unir aos partidos e forzas políticas organizadas coa cidadanía do común na procura dun cambio favorábel aos intereses de todos

#### **Explicación da emenda:**

Creo que deste xeito se aclara máis o cambio sistémico a que está sometida a sociedade neste momento e a necesidade dun movemento cara a Unidade Popular.

## **DITAME**

**PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLENARIO E DO CONSELLO DAS MAREAS:**

### **TRANSACCIONADA**

#### **Proposta:**

**Incorpórase eliminando o parágrafo “Afrontar estes retos fai cada vez máis necesaria a unidade popular capaz de unir aos partidos e forzas políticas organizadas coa cidadanía do común na procura dun cambio favorábel aos intereses de todos”.**